

## CRÓNICAS GALEGAS DE AMÉRICA (El Correo Gallego)

### **Suso en Venezuela**

(Xosé Neira Vilas)

Con apenas corenta e nove anos deixounos Suso Vaamonde. Unha perda para Galicia. Eu sabía del dende 1967, cando se incorporou ó movemento 'Voces Ceibes'. Á Habana chegaron gravacións súas, xunto con outras de Moscoso, Casabella, Rubia... Leveinas á Casa de las Américas, onde comezaban a destacar as voces de Silvio Rodríguez e Pablo Milanés. Quedaron rexistradas como mostra da nova canción galega.

A Suso coñecino persoalmente en setembro de 1986, na Estrada. Cadrou que tiveron alí un encontro con Avilés de Taramacos, Agulla Pizcueta, Manolo Rivas e outros escritores, e na derradeira apareceu el. Pedíume permiso para musicar e cantar os meus vinte poemiñas de 'Cantarola dos nenos'. Un ano despois deume exemplares do disco.

Vímonos moitas outras veces, sobre todo dende que me radiquei en Galicia, en 1992. Ten estado en Gres. En 1995 cantou no noso Centro Cultural. En 1999 tróuxonos discos seus e libros de Edicións do Cumio, ás que estaba vencellado. En maio dese ano, Anisia, el e eu participamos nos actos do Día das Letras Galegas en Cabana de Bergantiños; coincidimos en xuño en Soutomaior (na entrega do Premio Peña Novo), e en setembro saudome nas Cruces, nunha homenaxe que me ofrecera a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Xa andaba mal de saúde, pero sempre se mostraba optimista, en compañía de Xulia e do fillo, falando con uns e outros, tomando fotografías, proxectando, vivindo. Non podíamos supoñer que estaba tan á beira da morte.

Suso tamén foi emigrante. Ou exiliado. En 1980 tivo problemas (disque por 'aldraxar' á nación española) e andou por Alemania e Inglaterra. Logo foise a Venezuela, onde estivera xa en dúas ocasións anteriores. Esta vez pasou alí

tres anos, ata 1984 en que voltou, entregouse (fora condeado a seis anos de encerro) e pasou 46 días na cadea ata que lle chegou o indulto que lle pedira persoalmente a Felipe González en Caracas. Estivo vencellado á Hermandad Gallega (Secretaría de Cultura e de Relacións Públicas), foi animador cultural e xornalista. Cantou, actuou na radio e na televisión, recorreu o país coa súa voz e a súa guitarra. O seu exilio motivou varios festivais de solidariedade en cidades portuguesas, nos que tamén leron poemas Manuel María e Méndez Ferrín. En Venezuela compuso 44 cancións, gravou discos, formou parte dun grupo chamado 'Los Atlánticos'.

Tal foi a aventura americana de Suso. Unha valiosa experiencia, segundo me contaba. Teima voltar alá, pero un vento ruín tronzoulle a vida. Del quedounos a súa voz gravada, e unha rúa en Salvaterra, e a lembranza entrañable, exemplar, do home e do artista.